



**ACORDO DE ADHESIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
 PARA A PARTICIPACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO
 PROGRAMA TARXETA BENVIDA**

Santiago de Compostela, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, en su condición de conselleira de Política Social consonte el Decreto 98/2018, de 26 de septiembre, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D/D^a en representación de co CIF e enderezo social na rúa , núm., concello....., provincia , segundo resulta da escritura de poder outorgada perante o/a notario/a de D./D^a....., o 00.00.0000, co núm. do seu protocolo.

Ambas as dúas partes, no nome e representación na que concorren, teñen capacidade legal para este acto, e para os efectos,

EXPOÑEN

1. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, e con base nela foron



aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

2. Que a Consellería de Política Social, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social. Neste eido, compételle exercer as políticas autonómicas en materia de apoio á familia e á infancia, segundo o disposto nas devanditas leis.

3. Que a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2015 o Programa de Apoio á Natalidade (PAN-Galicia), un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das familias, garantir o seu benestar e apoialas de maneira integral e continua. Ao abeiro deste programa, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 17/12/2015, acordou poñer en marcha a Tarxeta benvida, unha actuación de beneficio social para as familias, e que consiste, basicamente, no financiamento pola Administración, a través da Consellería de Política Social, dunha cantidade a cada familia que cumpra os requisitos da actuación e teña un/unha fillo/a, tanto por natureza como adopción, menor dun ano ou un/unha neno/a desta idade en situación de garda con fins adoptivos. Esta axuda económica ponse a disposición das familias a través dunha tarxeta moedeiro que serve para a compra de produtos de necesidade básica do neno ou nena no seu primeiro ano de vida.

4. Que na convocatoria da Tarxeta Benvida do ano 2018 a Administración autonómica avanza un paso máis na cobertura social e estende a axuda ata que o neno ou nena cumpra os tres anos de idade para aquelas familias cuxa renda sexa igual ou inferior aos 22.000 euros. Ademais, ten en conta as especiais circunstancias das persoas galegas que, residindo no exterior, decidan volver a Galicia, para que poidan optar á axuda.

5. Que os requisitos das familias para poder acceder ao dito beneficio ou axuda, son os seguintes:

- Ter a residencia habitual en Galicia.
- Para as galegas e os galegos e os seus descendentes que tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018, estar en posesión da nacionalidade española antes do seu retorno.



- Ter un/unha fillo/a, tanto por natureza como adopción, menor dun ano ou un/unha neno/a desta idade en situación de garda con fins adoptivos.
- Que a renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro da declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF), non supere os 45.000 €; ou que a renda per cápita, entendida como a suma das bases imponibles xeral e do aforro dividida entre o número de persoas membros da unidade familiar, non supere os 13.500 €.
- Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 €, para ter dereito a ampliación da axuda ata que a nena ou neno cumpra os tres anos de idade.

6. Que, logo da súa proposta de adhesión comunicada á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, manifesta o seu interese na formalización deste acordo de adhesión ao desenvolvemento do programa Tarxeta benvida, coa finalidade de ofertarlle ás familias titulares da dita tarxeta a ampliación e mellora dos seus beneficios.

7. Que a formalización deste acordo non implica ningunha exclusividade para as partes, e polo tanto, procederase a súa sinatura sen prexuízo de que se poidan formalizar outros acordos de adhesión que teñan por obxecto a mesma finalidade de ampliación dos beneficios da Tarxeta benvida da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, e coa finalidade de coordinar as actuacións para a consecución dos obxectivos previstos, as partes acordan formalizar este acordo de adhesión con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

1. En virtude deste acordo as partes asinantes contraen o compromiso de poñer en marcha os mecanismos necesarios para que as familias que sexan titulares da dita tarxeta poidan aumentar os seus beneficios.



2. aplicarás as seguintes vantaxes e/ou descontos a toda a súa clientela que sexa titular da Tarxeta benvida, durante o seu período de validez, sen ningún requisito a maiores:

VANTAXES CONCEDIDAS (DESCONTOS, OBSEQUIOS, OFERTAS ESPECIAIS...)

3. A condición na que se aplicará a vantaxe e/ou o desconto será a seguinte:

- ser titular da tarxeta benvida e a súa identificación a través do DNI.

4. A Consellería de Política Social informará da existencia desta vantaxe na publicidade que realice do programa Tarxeta benvida no Portal de Política Social e na información que lle facilita ás familias beneficiarias sobre as condicións de uso da tarxeta.

5. Quen se adhira a este programa poderá facer publicidade nos seus medios de comunicación e publicidade propios (folletos, revistas, cuñas, etc..), así como en artigos de prensa ou similar, da súa adhesión ao desenvolvemento do programa Tarxeta benvida da Xunta de Galicia, mentres estea en vigor este programa, e así mesmo, poderá informar da colaboración que tivo nel unha vez finalizado, no caso de ser conveniente ou necesario, a calquera efecto relacionado coa súa política de Responsabilidade Social Corporativa (RSC), no caso de que a houber.

6. As vantaxes, os descontos ou os beneficios outorgados non dan lugar, en ningún caso, a ningunha remuneración económica por parte da Consellería de Política Social.

7. Este acordo estenderá a súa vixencia á do programa Tarxeta benvida desenvolvido pola Consellería de Política Social, incluídas as futuras convocatorias que se poidan publicar.



Cando nalgunha das futuras convocatorias do programa Tarxeta benvida existan modificacións substanciais que poidan afectar a este acordo de adhesión, procederá a súa revisión e, de ser o caso, a sinatura dun novo acordo.

Non obstante o anterior, calquera das partes poderá instar a súa resolución mediante a notificación á outra cunha antelación mínima dun mes.

8. Son causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O mutuo acordo entre as partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do acordo.

9. As partes que asinan este acordo obríganse a manter a confidencialidade sobre os asuntos dos que teñan coñecemento por razón desta adhesión e non poderán darlles difusión sen a autorización expresa e por escrito da outra parte.

Nas comunicacións que se poidan realizar, en relación cos datos de carácter persoal ou especialmente protexidos previstos neste acordo de adhesión, ambas as dúas partes actuarán de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

En proba de conformidade, asínase este acordo, en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

A conselleira de Política Social

O/ade.....

Fabiola García Martínez

.....